

Necrológica

Beatus qui legit Zamora Vicente: loito na Lingüística galega

Beatus qui legit *Zamora Vicente: mouzning in the Galician Linguistics*

Non naceu en Galicia pero, en anos escuros para a nosa Lingüística, realizou traballos sobre o galego falado que non desmerecen dos feitos por outros discípulos de Menéndez Pidal en áreas idiomáticas mellor investigadas. Naceu don Alonso Zamora en Madrid, o 1 de febreiro de 1916, e faleceu, ós noventa anos, en San Sebastián de los Reyes, o 14 do presente mes e ano. Filólogo de amplo rexistro, destacou, nos estudos literarios, como valleinclanólogo, unha das súas paixóns. Lémbrese que o gran don Ramón, que non foi membro da Real Academia Española, asomouse a este ilustre areópago cando Zamora Vicente, en 1967, ingresou na institución cun discurso titulado *Asedio a Luces de bohemia*. Contestoulle don Rafael Lapesa, meu lembrado mestre, que, como don Alonso Zamora, posuía o rigor filolóxico da escola de Menéndez Pidal e a nobreza persoal e profesional dos institucionistas.

Combateu Zamora Vicente no bando republicano, que era o seu, e finalizada a Guerra Civil despois da experiencia dun campo de concentración, reanudou as súas actividades filolóxicas. En 1943 xa é catedrático de Literatura española na Universidade de Santiago, daquela, na súa Facultade, case un ermo intelectual. Será docente, en Compostela, tres anos, trienio no que, valéndose da testemuña dos seus alumnos das distintas terras de Galicia, recolle datos para trazar a xeografía de fenómenos lingüísticos moi definidores do galego falado (a gheada, o seseo...). Tamén fixo viaxes por Galicia adiante en autobús. Conta, nunha entrevista de *Madrygal* (1999), que acompañaba moitas veces ó profesor Ulpiano Villanueva, catedrático de Medicina, viaxes das que regresaba con datos moi valiosos, e fiables, para os seus estudos de xeografía lingüística.

Deunos a coñecer, anos despois, en publicacións de fóra: en Buenos Aires, o traballo sobre xeografía do seseo (1951); en Mendoza, o da fronteira da gheada (1952); en México, o relativo á isoglosa irmau/ irmán (1953), e en Lisboa, o da isoglosa cuitelo/ coitelo (1963). O Instituto da Lingua Galega (Santiago) onde o seu nome é moi respectado acolleu estes traballos nun anexo da revista *Verba*. Pioneiro don Alonso Zamora Vicente da nosa Cartografía lingüística, cando o benemérito Instituto presentou o primeiro volume do *Atlas Lingüístico Galego*, Antón Santamarina leu unha substancial *laudatio* que finalizou nestes termos (se mal non me lembro): “Profesor Zamora Vicente: con gheada e con seseo, moitas jrasias”. (Daquela, felizmente, a normativa aínda non imponía a cacofónica forma “grazas”).

Xesús ALONSO MONTERO

La Voz de Galicia, 25-3-2006